

Carta aos lectores

Europa está practicamente ausente do discurso político na maior parte dos países da Unión. Esta paradoxal situación, habida conta da transcendencia do facer comunitario na vida común dos cidadáns, é consecuencia, en boa medida, do desconcerto xerado polo “non” francés e neerlandés ao tratado constitucional (2005) ratificado ata o momento por dezaoito estados –dous por referendo: España e Luxemburgo– e sen que outros sete tomaran postura a día de hoxe. A declaración do 25 de marzo de 2007 en Berlín aposta por aparcar os desacordos e fixa un novo horizonte, 2009, cando se celebrarán novas eleccións ao Parlamento europeo, para contar cunha mini-Constitución aceptable por todos, se ben irrecoñecible en termos de poderes que algúns xulgan excesivos, e eludindo o requisito básico do sufraxio universal. No fondo, a estratexia elixida semella querer eludir o feito de que a razón da oposición non radica tanto na incomprensión respecto das innovacións institucionais como na orientación socioeconómica do proxecto europeo ou a indefinición dos seus límites territoriais.

Esta incerteza desenvólvese nunha conxuntura xeopolítica singular, marcada pola fractura imposta pola guerra desatada por EEUU contra Iraq (e coa ameaza dunha nova división interna por mor da instalación de sistemas de defensa antibalística estadounidense en Polonia e Chequia), pero igualmente pola imparabile emerxencia de auténticos continentes como China ou India na competencia global. Para uns é suficiente cunha UE mínima que arbitre posicións comúns e faga de intermediaria co resto do mundo en determinados asuntos. Para outros, debe reforzarse a capacidade política da UE, non soamente para vertebrar o seu espazo interior, senón para actuar de forma máis autónoma a nivel internacional en todos os sentidos, seguridade incluída.

O proxecto europeo require actualización, pero dificilmente avanzará se non procura respostas ás demandas de seguridade económica e de preservación das identidades, sen prexuízo, claro está, de conformarse de forma autónoma respecto da estratexia estadounidense para o continente (para Washington, Europa é todo o continente menos Rusia), cunha visión propia do mundo.

O alargamento e a presenza de Europa no mundo son dous temas principais, nalgunha medida causa e manifestación da crise do proxecto. Sobre ambos, neste número incluímos dúas reflexións académicas da man de Celso Cancela e Benjamín Kienzle, e tamén políticas, coa visión dos representantes dos principais partidos galegos (Daniel Varela, Rosa Miguélez e Ana Miranda). Acompañamos esa visión desde dentro coa perspectiva analítica de dous ámbitos xeopolíticos que teñen na UE un punto de referencia esencial: EEUU (Mark Miller) e América Latina (Eliana Dam e Úrsula Eyherabide, e María Elisa Gentile), esta última en plena ebulición de propostas de integración animadas polo efecto Chávez. O panorama complétase coa análise das eleccións francesas (En-

rique Sáez), cun resultado que influirá no debate formal e de fondo sobre o futuro inmediato de Europa.

O presente número complétase con dúas achegas sobre Lituania (Pablo Penas e Rafael José R. De Espona) e sobre Internet (Luís A. Pousa). Por último, Xoán Anllo dá conta e actualiza un vello e interesante documento presentado ao Tribunal Rusell II.

O director.